

As polafías, a Rede e festas como a de Arca evidencian un novo dinamismo e actualización de usos tradicionais

As tecnoloxías e novos formatos fan revivir a literatura oral galega

Nova Escola Galega reivindica o valor formativo do que ve como un «patrimonio irrenunciable» do país

Joel Gómez

SANTIAGO | En Outes, Mondoñedo, Vilar de Santos ou Cerdedo xa coñecen as polafías, que son «reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais co obxectivo primordial de pór en valor e rescatar do esquecemento o patrimonio oral, literario e musical galego», segundo o define Antonio Reigosa, especialista que exerce na Deputación de Lugo. Tamén é escritor e dinamiza esta actividade desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

As polafías son un dos novos formatos que se imponen para divulgar a literatura oral galega. Reigosa coordina igualmente o proxecto Galicia Encantada, que se define como unha «enciclopedia de fantasía popular», con presenza igualmente na Rede.

En YouTube existen vídeos sobre estas novas manifestacións que tentan de actualizar o que é un «ben patrimonial e irrenunciable», segundo o define Nova Escola Galega. Este movemento de renovación pedagóxica dedica no último número da *Revista Galega de Educación* un espazo monográfico para este asunto, onde reúne varias das experiencias que se realizan en diversos lugares do país para recuperar contos, adiviñas, cancións, refráns e outras manifestacións do saber do pobo. Recuperar o que resta, e ensaiar novas fórmulas, alén de utilizar as



Iniciativas educativas como o certame «Tiralle da lingua» potencian a oralidade | PACO RODRÍGUEZ

novas tecnoloxías para a súa difusión son os alicerces que moven ás persoas implicadas neste proxecto.

Valor didáctico

O monográfico reflicte acontecementos como a Festa da Narración Oral Galega, que celebrou a segunda edición en xullo, promocionada polo Colectivo Tatalo e Nova Escola Galega, que procura ser «unha festa da palabra, da narración, do pracer de contar e escoitar historias», e que tamén se divulga na Rede, no enderezo www.contocho.eu.

Nova Escola Galega insiste no valor da oralidade como recurso didáctico. Este número da revista era «moi oportuno e necesario, como resposta á demanda das moitas persoas preocupadas en traballar neste ámbito», afirma Xesús Rodríguez, o director da publicación especializada.

Interese de investigadores e traballo en centros de ensino

A *Revista Galega de Educación* ofrece neste número 41 experiencias de centros de ensino de Lavadores (Vigo), Coristanco, Tui, Ribadavia ou Lugo implicados en dinamizar a literatura oral e dar uso pedagóxico ás súas manifestacións. Docentes e alumnado indagan entre os máis vellos para ver de rescatar a memoria. Un espazo preferente é dedicado para a experiencia radiofónica *Ponte nas ondas*, que transcendeu as fronteiras galegas.

Anxo Moure, o *atrapacontos* de Chantada, que actuou en moitos lugares do país co seu estilo orixinal de revitalizar o labor de contacontos, tamén se encontra nesta publica-

ción. E escritores como Paco Martín, Xosé Miranda, X. P. Docampo, Cándido Pazó ou Manuel Lourenzo, á par de personaxes como a señora Pura, narradora oral de Cerdedo, ou José da Fonte, poeta popular deste mesmo Concello pontevedrés, entre outros.

O interese por estas manifestacións da cultura tradicional chega ás Universidades, con iniciativas como o Proxecto Ronsel, da de Vigo; os estudos de José Luís Fornoire, da de Santiago, sobre o Romancero tradicional galego, e outra bibliografía, da cal ofrece a revista unha interesante guía elaborada por Xoán R. Cuba, do Museo Provincial de Lugo.